

Bases legais concurso Sorteo de Verán pescadeRías ¿de onde se non?

Identificación da empresa organizadora

Ardora Formación y Servicios S. Coop. Galega con domicilio fiscal en Rúa Damas Apostólicas nº 15. Oficina 103C. A Ramallosa. 36370 Nigrán-Pontevedra e con CIF F-36527109 organiza o sorteo dun vale de 100 euros para un xantar ou cea nun restaurante adherido.

Datos do sorteo

O sorteo comezará o 08/06/2021 ás 09:00h e rematará o 22/06/2021 ás 23:59 horas. Poderase participar so nese período.

O sorteo ten ámbito nacional (Excepto as cidades Autónomas de Ceuta e Melilla).

Ardora Formación y Servicios S. Coop. Galega (en diante Ardora) resérvase o dereito de aprazar ou ampliar o período do concurso no caso de forza maior, así como a facultade de interpretar os termos e condicións recollidos neste documento.

Regras e condicións para participar

Poderán participar no concurso aquelas persoas maiores de 18 años.

No poderán participar:

1. persoal vinculado (socias e traballadoras/es) á empresa que xestiona a marca de calidade (Ardora),
2. persoal vinculado á xestión da marca de calidade na administración pública (Servizo de Mercados da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar da Xunta de Galicia),
3. familiares de primeiro grao do persoal recollido nos puntos 1 e 2,
4. perfís fraudulentos,
5. expertos en concursos

Como participar?.

Entrando na publicación do sorteo que aparecerá na nosa páxina de facebook, premendo gústame na publicación e comentando cal é o teu produto do mar favorito.

Selección da persoa gañadora e modalidade de sorteo

A persoa gañadora será seleccionada entre os participantes a través dunha ferramenta on line de sorteo aleatorio e será publicada no noso perfil de facebook o día 23 de xuño.

Valor e natureza do premio

O premio consistirá en:

Un vale por valor de 100 euros para xantar ou cear nun restaurantes adherido ao selo pescadeRías, ¿de onde se non?.

Protección de datos de carácter persoal

Os datos facilitados polas persoas participantes serán tratados confidencialmente e recompilados nun ficheiro automatizado de datos de carácter persoal, sendo Ardora a titular e responsable de dito ficheiro, co obxectivo de:

- Xestionar a participación das persoas e poñerse en contacto con elas.
- Comunicarlles que resultaron gañadores/as do sorteo.

Ardora garante o cumprimento íntegro da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal no tratamento dos datos persoais recollidos no sorteo de verán 2021, en especial no que se refire á atención do exercicio dos dereitos de información, acceso, rectificación, oposición e cancelación de datos persoais das persoas participantes.

Penalizacións no caso de uso fraudulento

Ardora resérvase o dereito de emprender accións xudiciais contra aquelas persoas que realicen calquera tipo de acto susceptible de ser considerado como manipulación ou falsificación do sorteo.

Ardora queda eximida de calquera responsabilidade por danos e prexuízos que poidan deberse á falla temporal de dispoñibilidade ou de continuidade do funcionamento da aplicación mediante a que se participa no sorteo, á defraudación da utilidade que as persoas usuarias puideran atribuír á mesma e ao acceso ás distintas páxinas e envíos de repostas de participación a través de Internet.

Este sorteo non está vinculado a ningunha plataforma ou rede social

Facebook non patrocina, avala nin administra de modo algún este sorteo, nin está asociado a el. A persoa participante está proporcionando a súa información e datos a Ardora e non a *Facebook*.

Aceptación das Bases Legais

A participación no sorteo implica a aceptación dos presentes termos e condicións legais. Calquera manifestación de non aceptación da totalidade ou parte das bases legais

Términos y condiciones legales

implicará a exclusión da persoa participante e, como consecuencia dela, Ardora quedará liberada do cumprimento da obriga contraída con esta persoa.